

**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE
GOBERNO LOCAL O DÍA 5 DE XANEIRO DE 2.005**

Na Casa do Concello de Sárria, sendo as dez horas do día cinco de xaneiro de dous mil cinco, comparecen ó obxecto de celebraren, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, os Concelleiros que de seguido se sinalan, para o cal foron convocados legalmente en tempo e forma, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde *D. José Antonio García López*.

ASISTENTES: *Dna. Sabela Caldas Maceda*
D. Manuel Valiña López

Asiste e certifica do acto o Secretario Titular, *D. Amando Losada Losada*.

Así mesmo asiste a Sra. Interventora Accidental, *Dna. M^a Teresa Quiroga López*.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.-

Non formulándose por ningún dos Concelleiros asistentes obxección algunha ó contido das actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días **17, 22 e 30 de Decembro de 2.004**; a Xunta de Goberno, por unanimidade, acordou prestarlles a súa aprobación.

2.- LIQUIDACIÓNS DE INGRESOS.-

Dase conta das seguintes liquidacións de ingresos:

- Do **SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN DE LUGO**, referente a liquidación en período voluntario de recibos pola recollida de lixo do exercicio 2.004 correspondente ó período comprendido entre o 1 de Novembro e o 1 de Decembro de 2.004.
- Do **SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN DE LUGO**, referente a liquidación en período voluntario de recibos de I.A.E do

- Certificación de cumprimento dos requisitos acústicos esixidos pola Lei 7/1.997, de 11 de agosto, de “Protección contra a contaminación acústica”.

- Sen a obtención desta licenzia, e sen prexuízo das normas legais que en cada caso sexan de aplicación, non se poderá proceder á conexión dos servizos de electricidade, auga, gas e evacuación de augas residuais.

2.- Prestar aprobación á liquidación do Imposto por Obras, Instalacións e Construcións, por importe de: **16.867,70 €**.

■ **LICENCIAS DEFINITIVAS ACTIVIDADES (RAMINP):**

A) “INVERSIONES SARRIANAS, S.L” PARA INSTALACIÓN ESTACIÓN DE SERVICIO EN ZONA URBANA, RÚA LAMA DA GÁNDARA.-

Visto o expediente tramitado a instancia de “INVERSIONES SARRIANAS, S.L”; interesando licenzia municipal para proceder á instalación de Estación de Servicio en zona urbana, rúa Lama da Gándara, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: No mesmo figura acreditado debidamente que polo interesado se procedeu a dar cumprimento ós trámites e requisitos esixidos polo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de Novembro de 1.961 e Disposicións complementarias para a mencionada construción e para cúa actividade concedeuse LICENCIA PROVISIONAL con data 17 de Decembro de 2.004.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Cumpríronse tódolos trámites esixidos, sendo compatible o uso pretendido coas normas urbanísticas de aplicación.

Cumpridos os trámites exixidos e resultando acreditado o dereito á licenza que se pretende, esta Xunta de Goberno, por unanimidade, de conformidade co disposto na Resolución de Alcaldía nº 443/03, de data 26 de Xuño de 2.003, de delegación de atribucións, en consoancia coa correspondente Ordenanza, acorda:

1.- Proceder á concesión da **LICENCIA DEFINITIVA** para poñer en funcionamento dita actividade, cuxa licenza deberá ser expedida pola Secretaría deste Concello, e servirá ó interesado como documento acreditativo desta concesión.

2.- Notifica-lo presente acordo ó interesado, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

E non habendo máis asuntos de qué tratar, o Sr. Alcalde, levantou a sesión sendo as doce horas e trinta minutos, da que eu, Secretario, certifico.

Visto e prace
O Alcalde,